




# PINGUÍÑAS

A REVISTA

Do CEIP Cabada Vázquez

2023 - 2024



# SUMARIO

Editorial

Educación Infantil

Proxectos 1º e 2º

Educación Emocional en 1º e 2º

Proxecto: a vendima

Convertémonos en guías turísticos (3º e 4º)

Estimulación da Linguaxe na escola

Educación física

Arts

Samaín e Magosto

25 N Día internacional contra a violencia de xénero

Día da Poesía

O Nadal

Día Escolar pola paz e a non violencia

Día de Rosalía

O Entroido

I Encontro de centros escolares no CMUS

Letras Galegas 2024

Correlingua

Día MUS-E

XI Festa das Palabras

XIV Concurso de poesía Cabada Vázquez

Biblioteca

PDI O Rei León

Voz Natura

Patio Vivo

III Certame Coreografíate

DINAMIZA TV

O recuncho da lingua

SAÍDA: Senda Litoral

SAÍDA: Illa de Arousa

OBRADOIROS ANPA

Viaxe Fin de etapa

Graduación Educación Infantil


Promoción 2015-2024



# Editorial

Chega o remate de curso e coma sempre toca facer balance do mesmo, e sobre todo non deixar algo importante sen recordar ou compartir co resto da comunidade educativa. Pensamos que é xusto comezar por recordar e poñer en valor, o esforzo que todos os cursos se fai por traballar por un centro máis dinámico, participativo e preocupado por ofrecer un ensino máis achegado á nosa realidade. Nese fermoso proxecto educativo, que en certa medida nos singulariza, non podemos deixar de valorar o traballo compartido que se realizou ao longo do curso e no que as familias tamén xogaron un papel moi relevante. As obras do noso patio, que xa comezaron o curso pasado, neste que agora remata colleron unha forza e empuxe co que moi poucos contabamos, sobre todo polo elevado custo económico. A plantación de árbores, a colocación de estruturas, a delimitación de espazos,... todo iso supuxo un paso moi grande para poder desfrutar máis pronto do tan ansiado novo patio con todos os seus espazos rematados e acondicionados.

Somos conscientes do ambicioso do proxecto e da necesidade de poder contar con axudas das diferentes administracións para poder garantir un básico mantemento dese amplo espazo. Con todo, se ben é xusto seguir intentando mellorar ese apoio, non podemos pasar esta valiosa ocasión que supón a nosa revista escolar, para trasladar o noso máis sincero e valioso dos agradecementos a aquelas familias, que ao longo do curso, non dubidaron en ofrecer o seu tempo para acudir, sempre que foron chamados, a contribuír co mellor dos seus sorrisos nesas xornadas de traballo compartido.



Outro apartado importante desta revista é a de despedirse da mellor maneira que podemos daquela xente que xa non vai formar parte desta comunidade educativa no vindeiro curso, pero que deixaron unha fonda pegada neste centro. Por unha banda, temos que recordar á promoción de sexto que despois de toda a súa escolarización no centro, marchan para o instituto a seguir a súa formación. **Moita sorte!**

Por outra banda, tamén toca despedir ás mestras que en setembro xa non estarán no noso centro. Seguindo a orde da imaxe, de esquerda a dereita, Susana a mestra de AL; Belén, titora de 1º de educación primaria; e Marta, titora de 4º de educación infantil, deixan un moi bo recordo do seu paso polo centro.

## MOITA SORTE!



# EDUCACIÓN INFANTIL

NESTE CURSO AS NENAS E OS NENOS DE INFANTIL FIXEMOS UNHA LONGA VIAXE. ACOMPANHÁDENOS A DESCUBRIR OS LUGARES QUE VISITAMOS.



COMEZAMOS A NOSA AVENTURA CO PRIMEIRO PROXECTO "VOLVEMOS Á ESCOLA", QUE NOS PERMITIU COÑECERNOS, DECORAR A NOSA AULA E DESCUBRIR UN POUCO MÁIS A NOSA CONTORNA.







NO PRIMEIRO TRIMESTRE VIVIMOS AVENTURAS  
DA MAN DA NOSA AMIGA AMARA, UNHA NENA  
AFRICANA QUE NOS FOI DESCUBRINDO ESTE  
FERMOSO CONTINENTE.





# DESTA MANEIRA CONVERTÉMONOS EN EXPLORADORES DA SABANA AFRICANA.



# TAMÉN TIVEMOS TEMPO PARA PREPARAR O SAMAÍN.






E PARA DESFRUTAR DO NADAL.





O SEGUINTE DESTINO FOI O DESERTO.



NO SEGUNDO TRIMESTRE TIVEMOS O PRACER DE TER DÚAS MESTRAS EN PRÁCTICAS, QUE NOS AXUDARON NAS NOSAS APRENDIZAXES.



GRAZAS MESTRA NADIA E GRAZAS MESTRA PAULA.



# NESTE TRIMESTRE TAMÉN PARTICIPAMOS DAS ACTIVIDADES DO ENTROIDO.



# REMATAMOS A NOSA VIAXE POR ÁFRICA FACENDO UN PERCORRIDO POLA CULTURA E TRADICIÓNS AFRICANAS.





PARA ESTA PARTE DO PROXECTO TIVEMOS A SORTE DE  
CONTAR CO PAI DUN DOS NENOS DA AULA QUE NOS  
AXUDOU A COCIÑAR COMIDAS TÍPICAS DE ÁFRICA, QUE  
LOGO DEGUSTAMOS CO ALUMNADO DE 1º E 2º DE  
PRIMARIA.



GRAZAS TOÑO.



PERO ESTA NON FOI A ÚNICA VISITA QUE TIVEMOS, AS FAMILIAS IMPLICÁSTESVOS MOITO E VIÑESTES Á AULA A CONTARNOS CONTOS MOI FERMOOSOS. MOITAS GRAZAS.



ADEMAIS TIVEMOS TEMPO PARA CELEBRAR OS  
NOSOS ANIVERSARIOS, FACENDO NÓS MESMOS O  
DOCE QUE LOGO DEGUSTAMOS.



E POR SUPOSTO FIXEMOS TAMÉN MOITAS SAÍDAS,  
POLA CONTORNA, Ó AUDITORIO DE SANTIAGO, Ó  
CORRELINGUA, Á ILLA DE AROUSA...





AS NENAS E OS NENOS DE INFANTIL PERCORREMOS UN LONGO CAMIÑO, AGORA TÓCANOS DESFRUTAR. BO VERÁN.



# PROXECTOS 1º E 2º

Neste curso 23-24 aprendemos un montón a través do traballo por proxectos. Deixámosvos aquí uns vídeos que representan o aprendido algúns dos nosos produtos finais.




A MIÑA  
CONTORNA



COIDÁMONOS




COIDAMOS  
O MEDIO




QUIQUIRIQUÍ



CANCIÓN DO  
RELEVO



TEATRO  
DE  
SOMBRAS



VIAXA  
COMIGO





## EDUCACIÓN EMOCIONAL EN 1º E 2º

AS NENAS E NENOS DE 1º E 2º DE PRIMARIA TRABALLAMOS AS EMOCIÓNS A TRAVÉS DA ARTE, E RELAXÁMONOS UN POUQUIÑO,... COMA NESTA SESIÓN QUE PODEDES VER A CONTINUACIÓN...



PROXECTO

# A VENDIMA



O alumnado de 1º e 2º da área “proxecto competencial” investigou, simulou e fixo unha maqueta sobre a vendima.



Podedes ver o vídeo de todo o proceso e de como o desfrutaron nesta ligazón

<https://youtu.be/9IU7iKZ7LRY>






# Convertémonos en GUÍAS TURÍSTICOS



Logo de facer un gran estudo do patrimonio estradense, o alumnado de 3º e 4º de EP convertiuse en pequenos guías turísticos para mostrarnos de primeira man o noso concello, os seus fermosos lugares e as curiosidades máis increíbles para, deste xeito, seguir conservando o noso importantísimo patrimonio.



# Convertémonos en GUÍAS TURÍSTICOS



# ESTIMULACIÓN NA ESCOLA DA LINGUAXE



A escola é un escenario ideal para favorecer e estimular a expresión. As relacións persoais que se desenvolven implican aprender a comunicarse co resto de persoas que nela conviven. O desenvolvemento da linguaxe oral non implica unicamente falar e comunicarse axeitadamente, senón que se converte nun elemento imprescindible para o desenvolvemento cognitivo das nenas e dos nenos, así como unha ferramenta para comprender e relacionarse coa contorna que lle arrodea.

Os programas de estimulación lingüística proporcionan a oportunidade de previr posibles disfuncións ou trastornos na fala, así como reducen os que puidesen existir, tales coma dislalias, disglosias, disartrias, disfemias, taquilalias, bradilalias ou calquera outro tipo de atraso madurativo que afecte a linguaxe.



# ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE


# NA ESCOLA

Este curso realizamos diferentes actividades logopédicas e sensoriais desenvolvendo os prerrequisitos lingüísticos e os procesos cognitivos básicos, o razoamento lóxico, e o pensamento computacional e científico.

A nivel de articulación desenvolvemos estratexias para mellorar a nosa respiración, practicamos relaxación de forma lúdica, e ximnasia orofacial para ter a musculatura en forma

A través de xogos para a discriminación visual e auditiva, identificámonos, describímonos, Quen é? Como é? Que aspecto destacaríamos de...?

Para mellorar a nosa expresión traballamos con pautas de hixiene postural e vocal. Que importante é aprender a comunicarnos de forma axeitada!, -mantendo o contacto ocular ; - esperando quendas; -respostar as mensaxes practicando habilidades sociais, tan importantes para regular a nosa conduta.



# ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

# NA ESCOLA

Nas imaxes podedes ver unha mostra do traballado este curso cos obradoiros sensoriais, científicos, e actividades desenchufadas [son actividades de iniciación á programación sen o uso de pantallas]; desenvolvemos os procesos cognitivos, a curiosidade, a motricidade fina e grosa, coordinación man-ollo, a memoria, a atención a estimulación dos sentidos [propiocepción] o tempo en espera e a creatividade. Desfrutamos, aprendemos, pensamos, e aprendemos moitos conceptos a nivel espacial, matemático, e científico.





# EDUCACIÓN FÍSICA



## Codeseda fai deporte

Durante o curso 2023-2024 realizamos diversas actividades deportivas, dentro e fóra do colexio, co obxectivo de desfrutar do exercicio físico tanto cos compañeir@s do noso centro como con alumnado doutros coles.

Tivemos visitas de clubs deportivos da zona, acudimos ao cros e a distintos encontros multideportivos, realizamos xogos populares no magosto, celebremos o día da EF na rúa e no día a día no cole pasámolo moi ben!

No seguinte vídeo podes ver moitas das actividades que fixemos:

<https://www.youtube.com/watch?v=tjyWWhrRnyo4>



# ARTS

## CODESEDA ARTS 2023-24



Este ano podemos destacar todas as tarefas que fixemos para o Samaín, Nadal, o día da paz, o Entroido, actividades culturais, traballar algúns artistas, e moito máis...

[Pica esta ligazón para ver un vídeo coa maioría dos proxectos creados por todos os niveis deste curso!!](#)



# Sarriain e Magosto

Coma todos os anos, estas datas supoñen as primeiras celebracións importantes e todos desexamos desfrutar dos xogos tradicionais, das castañas e por suposto dos obradoiros de Samain.

Baile, cociña, maquillaxe e manualidades foron os encargados de ofrecernos a diversión que esas datas nos ofrecen. Aquí vos deixamos unha montaxe cos mellores momentos desas dúas xornadas.



[https://youtu.be/AeP\\_nEL3VSg](https://youtu.be/AeP_nEL3VSg)





# 25 N

*DÍA INTERNACIONAL  
CONTRA A VIOLENCIA DE  
XÉNERO*

Un ano máis reivindicamos a eliminación da violencia contra as mulleres, para o cal desenvolvemos distintas actividades no centro, entre elas unha na que participou toda a comunidade educativa e na que tivemos unha colaboración moi especial que queremos compartir con vós.

<https://youtu.be/bjjgtA-g7Ck?>



A Banda da Loba participou nesta conmemoración con nós.





# DÍA DA POESÍA

O 14 de decembro, Pablo de 1º de educación primaria e Melania de 3º de educación primaria participaron na "Festa da Poesía" organizada polo departamento de cultura do concello de A Estrada, interpretando os poemas "O canto nocturno do grilo" e "A xoaniña e o escaravello" do libro "Bechopoemas e outras bestas de Leire Bilbao".

Deixámosvos un vídeo para que os vexades.

<https://youtu.be/e9zBNWavYNM>



# NADAL

*Coma sempre, no tradicional festival de Nadal ao que foron convidadas as familias, podemos desfrutar dunha gran variedade de actuacións: obras de teatro, panxoliñas, recitación de poemas, baile, coreografías, etc. Bótalle un ollo ao seguinte enlace e recordarás o bonito dese día.*

<https://youtu.be/pBOq9JYvUbU>



# DÍA ESCOLAR POLA PAZE A NON VIOLENCIA




O 30 de xaneiro conmemoramos o "Día Escolar pola Paz e a Non Violencia" cun acto no que participou todo o alumnado e profesorado do centro.

Comezou o acto na aula de psicomotricidade o alumnado de 5º e 6º, quen amosou lugares do mundo e situacións nas que son vítimas nenas e nenos, non só nas guerras senón tamén na explotación de man de obra infantil, na fame, ...

Ademais dous alumnos ou alumnas de cada curso mencionaron o nome e a idade de nenos ou nenas xa tristemente falecidos por algunhas das razóns que previamente se explicaron, co fin de concienciar ao alumnado da terrible situación á que moitos nenos e nenas do mundo están sometidos diariamente.

Para finalizar o acto, alumnado e profesorado, saíron ao patio unindo as súas mans con panos para facer unha gran roda mentres cantaba a canción "As cores da paz", unha adaptación, feita pola mestra de música do noso centro, da canción do Brasileiro Marcelo Serralva "Corda colorida".



<https://youtu.be/dLXsmJdnt5U>



# DÍA DE ROSALÍA



O xoves 22 de febreiro tivo lugar no Teatro Principal un acto organizado polo Departamento de Cultura do Concello de A Estrada co fin de conmemorar o Día de Rosalía de Castro.

Paula (6º EP) e Xián (3º EP) participaron neste acto recitando dous poemas de Rosalía de Castro "Cando penso que te fuches" e "Cando era tempo de inverno".



[https://youtu.be/5nHH\\_6DxYp4](https://youtu.be/5nHH_6DxYp4)



O venres 23 de febreiro conmemoramos o Día de Rosalía de Castro cun acto no que participou todo o alumnado.

Para esta actividade contamos coas seguintes actividades:

- Biografía e recitación de poemas por parte de Sofía (4º EP), Mateo (5º EP) e Lía (5º EP).
- Recitado de poemas coa canción Negra Sombra : Paula (6º EP) e Xián (3º EP)
- Obra de teatro "Os Poemas do Río" de Cristina Soilán Corral : alumnado de 2º EP

<https://youtu.be/8BulcV-3pk>



# O ENTROIDO

Este ano o "Rei León" e "África" constituíron o eixe do entroido no CEIP Cabada Vázquez.

Un "Tótem" foi o elixido para decorar a entrada do noso centro e o encargado de indicarnos os mandados de cada día da semana.



Mira o seguinte vídeo para ver como transcorreu a semana.

[https://youtu.be/txbtzif3W2I?si=1nfOm-C51zl9O\\_OL](https://youtu.be/txbtzif3W2I?si=1nfOm-C51zl9O_OL)

Este ano, tanto alumnado como profesorado, traballaron moito os días previos na elaboración de máscaras, rabos, orellas, etc co fin de caracterizar as personaxes do Rei León.



# FESTIVAL DE ENTROIDO

O venres de entroido, Simba, Nala, Rafiki, Zazú, Mufasa, Timón, Scar e Pumba saíron desfilando acompañados de xirafas, leóns, cebras, guacamaios, panteras, gacelas, elefantes, tigres, hienas e monos.

A continuación, todas estas personaxes colocáronse en círculos para representar a canción "Amawelé, Amawelé".

Seguidamente, o alumnado de primaria a través de ritmos africanos representou as seguintes danzas:

- Funga Alafia (1º e 2º de educación primaria)
- Zimbolé (3º e 4º de educación primaria)
- Kwaheri (5º e 6º de educación primaria)

Para finalizar a xornada, o alumnado invitou ás familias a bailar con eles a canción que iniciaba o festival e formando unha gran roda ao son de "Amawelé, Amawelé", unha gran parte da comunidade educativa do CEIP Cabada Vázquez desfrutou desta danza. A festividade continuou con minutos de baile para alumnado, profesorado e familias. Mirade no seguinte enlace un resumo dese día que tivemos que celebrar no pavillón.

<https://youtu.be/azUz9pG8uog>





# I ENCONTRO DE CENTROS ESCOLARES no CMUS


O 26 de abril, todo o alumnado do noso centro, acompañado polo profesorado, participou no I Encontro de Centros Escolares no CMUS compartindo a xornada co CPI de Vedra e alumnado do propio conservatorio.

Iniciou o acto o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria bailando a ritmo de "Zimbolé". Seguidamente o alumnado de 5º e 6º representou "Durmindo está o león" combinando obra musical, obra teatral e danza.

A xornada continuou amenizada polo alumnado do propio conservatorio e do CPI de Vedra.

Foi unha mañá moi especial e agardamos que se poidan continuar con este tipo de encontros nos vindeiros anos!

<https://youtu.be/AMvvxyNGGEo>



# LETRAS GALEGAS 2024

As Letras Galegas sempre supoñen un punto importante de aprendizaxe para o alumnado.

Nesta edición, a Editorial Galaxia proporcionoulles a cada neno e nena de 3º a 6º de EP o libro "O violino de Luísa", que nos serviu como punto de partida para coñecer a autora homenaxeada: Luísa Villalta.

Posteriormente, o alumnado de 1º a 6º asistiu ao Teatro Principal da Estrada para participar nunha representación de dito libro. A autora, xunto co seu compañeiro, o grupo Viravai, animaron ás pequenas e pequenos a cantar e bailar con eles divertidas cancións que ata os fixeron levantar do asento!



# LETRAS GALEGAS 2024

Xa no centro, os libros de expurgo da biblio servíronnos para crear este fermoso mural coa técnica de mosaico da autora homenaxeada, que agora adorna a entrada do cole.



O 16 de maio tivemos unha visita moi especial. Varios compoñentes da banda de gaitas de Barbude amenizaron o noso día cantando, bailando e divertíndonos coa nosa música tradicional ao ritmo de pandeiretas, gaitas, tambor... e tamén de vasos e botellas de plástico!



# LETRAS GALEGAS 2024

Finalmente, todo o alumnado tivo que superar unha misión: xogar, por equipos mixtos, á CAZA DO TESOURO! O premio? Uns pins de violín creados, deseñados e impresos coa impresora 3D do cole!

Os grupos estaban compostos por alumnos desde os tres anos ata os maiores, e todos foron indispensables para pasar as probas: escribir en braille, construír figuras, xogar ao pasapalabra, identificar sons, ordenar as mulleres homenaxeadas ao longo dos anos...

A finalidade da actividade era coñecer a vida e obra de Luísa Villalta a través dos carteis que nos foran entregados da man da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Queredes ver as actividades? Dentro vídeo!



# CORRELINGUA



Un ano máis tamén participamos no Correlingua xunto cos demais centros educativos da contorna, percorrendo as rúas da Estrada en prol do uso do galego, da nosa lingua.

Todas e todos levamos as nosas pancartas co lema "Dende aquí até acolá, GALEGO XA!"



Cantamos, bailamos, xogamos e rimos e rematamos a xornada lanzando globos de cores ao ceo con desexos para que non se perda o galego. Quen sabe a onde chegarían!



# Día MUS-E



Este ano volvimos formar parte do programa MUS-E. Grazas a iso, continuamos aprendendo técnicas moi beneficiosas para o noso benestar e autocontrol. Ademais, traballamos a danza, a expresión corporal e incluímos aos nosos maiores nas formacións.

Grazas ao programa, o alumnado de 4º coñeceu de primeira man como traballan en AGADEA (Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzhéimer).

Por outra banda, o alumnado de 5º e 6º de EP compartiu sesións coas súas avoas e avós e aprenderon deles xogos tradicionais galegos.



O programa MUS-E rematou o 3 de xuño, cunha xornada de convivencia na que os maiores de AGADEA, os avós e avoas do alumnado e o propio alumnado compartiron un día moi especial.

O alumnado rendiu homenaxe aos seus maiores con distintas actuacións que podedes ver no vídeo adxunto.



# XI FESTA DAS PALABRAS

O pasado 22 de maio, tivo lugar A XI Festa das Palabras no Teatro Principal de A Estrada, acto organizado polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega dos centros de ensino da Estrada, Dinamizaestrada e que coroa un concurso literario desenvolvido ao longo de varios meses.

Para o "XI Concurso de Micropoemas e Microrrelatos" os nosos autores e autoras tiveron que crear microrrelatos coa palabra "MÚSICA" e micropoemas coa palabra "SILENCIO", palabras que aparecen nos títulos das obras de Luísa Villalta, autora homenaxeada nas Letras Galegas deste ano.

Os gañadores e gañadoras do noso centro nesta edición foron:

- NOA (1º EP), XIÁN (3º EP) e IVÁN (6º EP) (micropoemas)
- CIBRÁN (2º EP), IRENE (4º EP) e LARA (6º EP) (microrrelatos)

Noraboa a todos eles polos seus fermosos traballos e tamén os nosos agradecementos ao alumnado de infantil por participar cos seus debuxos ilustrando as dúas palabras "MÚSICA" e "SILENCIO".



Na seguinte ligazón poderedes visualizar o vídeo do acto.

<https://www.youtube.com/watch?v=53bNtErjheI&t=4s>



O venres 21 de xuño fíxose a entrega de diplomas aos gañadores desta edición no centro.

# Gañadores micropoemas



# Gañadores microrrelatos





# XIV CONCURSO DE POESÍA CABADA VÁZQUEZ

Nesta nova edición do concurso de poesía temos que felicitar aos gañadores e seguir animando comunidade educativa a seguir participando nesta iniciativa.  
Resulta moi difícil elixir o mellor poema. Parabéns aos gañadores!!!

Ás veces pintan,  
ás veces xogan,  
ás veces abrázanme.  
As miñas mans  
axúdanme  
e aprenden.

**Iria Canicoba Porto**  
(1º de primaria)

## VERÁN

A praia está en calma  
Vexo as cunchas e  
penso en decoralas.  
A calor pegañenta  
queima o noso corpo  
danzando nun momento.  
Cantando está o río.  
Eu síntome tranquilo  
no verán non hai líos.

**Phoenix Bara Quiveo**  
(3º de primaria)

## ESTEBAN E RODRIGO PERDEN AOS SEUS PAIS

Un día de sol  
mamá e papá  
dando un paseo  
con moita calor.

Un día de chuvia  
Rodri e Esteban  
Buscando nun bosque  
niños de amor.

**Esteban Folgar Pereiras**  
(2º de primaria)

## **O MEU MELLOR AMIGO**

Os seus ollos azuis  
Son o que vexo de primeiro  
Vístome e almorzo  
Alá vou co rebulideiro!  
Chego a casa,  
e busco ao meu amigo  
Véxolle mover o rabo  
Que contento está comigo!  
Un paseo imos dar  
Coa súa lingua dame un bico  
Non quero perder nunca  
Canto lle quero ao meu Kiko!

**Enzo Arcay Rocamonde**  
(4° de primaria)

## **PEDRIÑA**

Unha pedriña cae ao río,  
Escoito a brisa e sorriño,  
Escoito a auga e penso,  
Será o meu pensamento?

**Tiago Lopes de Lima**  
(5° de primaria)

## **ADEUS, COLEXIO, ADEUS**

Cando me din conta  
acabou... primaria.  
Ben! dirán algúns  
Ai! dirán outros.  
Daquela en infantil pensaba  
Ai! Estou no colexio dos maiores.  
Vale pero...  
Acabou  
Zapatóns vellos usei  
Que novos terei  
Unha vez no instituto  
Estarei agradecida.  
**GRAZAS**

**África Nodar De La Cruz**  
(6° de primaria)



## ***O BRANCO ESPAZO DO SABER***

Saber

Que saber?

Saber o que os outros saben.

Saber o que eu sei.

O saber que ocupa lugar é  
o do meu íntimo saber,  
aquele que ninguén sabe nin saberá.

O saber do sabor da humidade no souto en outono.

O saber do vento no rostro no alto do monte das bestas.

A sabedoría do pousar do sol fronte ao brillante mar que baña o pensamento.

Pensar, crer, saber ... tanto fai.

O único que conta é o que alumea, anima e alenta.

Así sabe o saber no espazo da morna luz que apacigua a inqueda.

sosego da longa xornada incesante que non permite a claridade.

Todo comeza na caravilla que xira e inicia a fantástica sensación de experimentar o baleiro da creación.

É así, que todo aparece no branco espazo do saber.

**Pili Torrado Rivas**  
**(Categoría comunidade educativa)**



**O venres 21 de xuño fíxose a entrega de dipomas aos gañadores desta edición no centro. Aí os tedes! Para o curso que vén volveremos cunha nova edición.**




# BIBLIOTECA

Para conmemorar o día do Libro que mellor xeito que con postais decoradas por nós e con textos de Luísa Villalta.

<http://www.https://youtu.be/onRdNUnl7xg?feature=shared>



Irune e Alejandra, alumnas de 2º de EP, asistiron á presentación do poemario "No bico do vento" de Charo Golmar no MOME (A Estrada), co fin de ler un dos seus maravillosos poemas e que leva por título "PRIMAVERA". Pica na foto para ver o recitado dese día.



Nas seguintes ligazóns podedes ver algunhas das actividades da biblioteca.

DÍA DAS BIBLIOTECAS

POSTAL DE NADAL

DÍA DAS ESCRITORAS

UNHA BOLSA COMO AGASALLO



# BIBLIOTECA CREATIVA

Este curso 23/24 fomos seleccionados para entrar no programa de bibliotecas “Biblioteca Creativa” e algunha das actividades que fixemos foron: circuitos sinxelos, maquetas de centrais xeotérmicas, maquetas de enerxía eólica, etc. para conmemorar o mês da Ciencia. A montaxe do vídeo tamén correu a cargo dunha alumna de 6º.

## Mes da Ciencia no Cabada



# PDI O REI LEÓN

A través do PDI "O rei león" fixemos este curso diferentes actividades:

- Adornamos as portas das aulas con motivos ambientados no rei león.
- Elaboramos os carnets de biblioteca coa imaxe que adornaba cada aula .
- Levamos a cabo obradoiros
  - Estampación de bolsas coa imaxe do rei león.
  - Elaboración de máscaras para o entroido
  - Obradoiro de teatro : o musical.
- O alumnado de 5° e 6° elaborou os calendarios.
- Preparamos danzas africanas.
- O alumnado de infantil tivo a sorte de contar cun pai que elaborou pratos africanos.



Nas seguintes ligazóns podedes ver algunhas das actividades da biblioteca.



O fraquiño e o gordiño  
cantando van.  
Timón e Pumba,  
alegres sempre están.

O ruín e as burlonas  
cazando van.  
Scar e as hienas  
enfadadas sempre están.

O traste e a boa  
xogando van  
Simba e Nala  
contentos sempre están.

O serio e a cariñosa  
xuntos están  
Mufasa e Sarabi,  
camiñando van.

O chiflado e a augafestas,  
separados están.  
Rafiki e Zazú,  
mandóns os dous van!

SOFIA SOUTO FREIRE (4º)





# MUSICAL

# O REI LEÓN

O 21 de xuño invitamos ás familias á presentación do musical "O Rei León" co fin de poñer o broche final ao PDI deste curso.

Foron moitas horas de esforzo e traballo pero estamos todos moi orgullosos do resultado.

**NORABOA A TODAS E TODOS OS ARTISTAS!!**

<https://youtu.be/GSmlCslq0tk>



Neste curso 2023/2024 no  
Ceip Cabada Vázquez  
continuamos con moita ilusión co  
Programa

# VOZ NATURA



**MAÍS INFORMACIÓN PROGRAMA VOZ NATURA**



# HORTO ESCOLAR

Este curso levamos a cabo o cambio ubicación do horto para o novo espazo acondicionado a tal fin. A nova ubicación obedece á estrutura e proceso de naturalización enmarcado no proxecto do patio vivo.

Contouse coa colaboración das familias para o peche do horto e a preparación do terreo. Outro ano máis recibimos a visita de Carne Freire, de Mans Unidas, coa que plantamos chícharos, allos, cebolas, fabas,... xa cara a primavera fomos repoñendo e plantando aromáticas, flores comestibles, pementos, cabaza, cabaciña..., etc.

Seguimos producindo compost cos restos das merendas do alumnado, a recollida de folla do patio de infantil, que tamén empregamos como estrume para o galiñeiro, en breve o composteiro estará ubicado preto do novo horto.

Onde estaba o antigo horto hai un alumnado que voluntariamente o segue mantendo, facendo labores de limpeza e poda dos framboeseiros e moreiras e plantación de novos cultivos como patacas, allos... etc. A este espazo acoden libremente durante os recreos cando a climatoloxía o permite



# ***CULTIVO DE SHIITAKE***

Decidimos continuar co cultivo do shiitake logo da boa experiencia do curso pasado. Entre todo o alumnado procedemos a manter a humidade dos troncos para que produciſen. Os cogumelos desta primeira recolección degustámoslos no comedor escolar.




# PLANTACIONES INTERIORES

Co alumnado de infantil plantamos suculentas para decorar cada unha das mesas dos equipos. Cada equipo ten que responsabilizarse de manter en boas condicións a súa planta. Parte do alumnado de primaria, co apoio e asesoramento das titoras e da auxiliar técnica educativa (ATE), continuaron co coidado das plantacións feitas no curso pasado. Volveron plantar os xacintos e amarilys conservados do curso anterior.



# ***SAÍDAS Á CONTORNA***

No mes de novembro o alumnado de infantil fixo unha saída á contorna para recoller follas e froitos do outono. Por un camiño paralelo ao patio da escola achegámonos ata a aula da natureza onde puidemos observar a plantación feita o curso pasado e observar distintas especies de cogumelos.



***PREMENDO AQUÍ PODERÁS VER UN PEQUEÑO VÍDEO RESUMO***





Neste curso continuamos coa transformación dos máis de 7.000m<sup>2</sup> dunha zona do noso patio.

Comezamos coa execución do proxecto encargado no curso anterior.

Fíxose o peche do horto, xa que os animais comían o sementado, colocouse un tunel nunha das novas lombas, mercouse e colocouse a lousa na zona da praza.

Instalouse unha estrutura de madeira con forma de pirámide así como unha ponte que cruza o foxo.

Estendeuse un camión de area como amortecemento na zona da pirámide e outro na zona do río. Na zona do río tamén estendemos cortiza.


Plantamos máis árbores: carballos, camelias, choróns... feixoas cerca do horto e framboeseiros, arandeiras, moreiras e groselleiras na zona do bosque comestible.

Temos pendente de poñer en funcionamento as tomas de auga para poder regar as árbores, o horto escolar e ter auga para a nova ubicación do galiñeiro.

**Este proxecto é fermoso por el mesmo pero o que fai que sexa máis fermoso aínda é a implicación de toda a comunidade educativa. Vaia dende aquí o noso agradecemento para o alumnado, que tanta ilusión ten con este proxecto, o persoal non docente do centro que colabora desinteresadamente, como non, para as familias, sempre dispostas a colaborar cando foron chamadas para botar unha man. A todas e a todos, MOITAS GRAZAS!**







***PREME AQUI PARA ACCEDER AO VÍDEO***



# III CERTAME COREOGRAFÍATE

Un grupo de alumnos e alumnas de educación primaria participou de maneira voluntaria no III Certame Coreografíate organizado por as.pg (Asociación Socio-pedagóxica Galega).

Para poder participar eliximos a canción “Tribo” da Banda da Loba. Foi unha actividade moi motivante! Animámosvos a que vexades como quedou a coreografía.

<https://youtu.be/0bxqDHUriOU>



# DINAMIZA TV

Desde o Departamento de Cultura do Concello de A Estrada convidáronos a participar por terceiro ano consecutivo en "Dinamiza TV", un programa de televisión protagonizado por centros de educación primaria e secundaria do Concello de A Estrada.

O noso centro participou a través de catro seccións diferentes:

- a) "Vai unha historia" : o Entroido.
- b) "En xogo": o alumnado de 3º de educación primaria fixo unha mostra do uso do ioiό.
- c) "Cine en Galicia": entrevista á actriz Cristina Collazo.
- d) Recomendación lectora: o alumnado do club de lectura recomendará o libro " A marabillosa medicina de George".

<https://www.youtube.com/watch?v=kQZC12CmAJE>



# O recuncho da lingua



<https://go.ivoox.com/rf/118143954>

🕒 **MINUTO 13:30**



<https://go.ivoox.com/rf/124805392>

🕒 **MINUTO 18:47**



<https://go.ivoox.com/rf/120053011>

🕒 **MINUTO 22:35**



<https://go.ivoox.com/rf/128749824>

🕒 **MINUTO 35:51**

## RECEITA ORELLAS

### Avoa Nicolás (5º EP)

[https://www.ivoox.com/ensaiar-e-covardes-12-02-2024-recuncho-da-lingua-audios-mp3\\_rf\\_124132505\\_1.html](https://www.ivoox.com/ensaiar-e-covardes-12-02-2024-recuncho-da-lingua-audios-mp3_rf_124132505_1.html)

🕒 **MINUTO 24:50**



SAÍDA

## SENDA LITORAL: CAMARIÑAS

*O 12 de xaneiro disfrutamos dunha andaina por Camariñas, o que nos valeu como punto de partida para comenazar o proxecto " Unha senda litoral"*

*Poderedes ver no video todo o que fixemos!*



<https://youtu.be/XrtKVOvMyUI>



SAIDA

# ILLA DE AROUSA

*0 19 de xuño desfrutamos da excursión de fin de curso, na que todo o cole visitamos a Illa de Arousa.*

*Poderedes ver no video todo o que fixemos!*



<https://youtu.be/Y4H9f9DJFus?si=zFKuqmdxJcYcvcAz>



# ANPA OBRADOIROS

O XOVES 20 DE XUÑO DESFRUTAMOS CUNHA XORNADA DE  
OBRADOIROS ORGANIZADOS POLA ANPA.

[https://youtu.be/\\_teF0MnTcAc](https://youtu.be/_teF0MnTcAc)



# VIAXE FIN DE ETAPA

**CATRO DÍAS DAN PARA MOITO!!**

O alumnado de 6º de primaria realizou a viaxe de fin de etapa xunto co alumnado do mesmo curso do Ceip Villar Paramá de Veá, como colofón final a dous anos de intercambio de actividades.

Cangas de Onís como destino e con parada nunha das fermosas praias da Mariña Lucense, a praia dos Castros, comezamos o 21 de maio a nosa viaxe de catro días.

Entre as actividades que realizamos destacamos

- DESCENSO EN CANOA POLO RÍO SELLA
- VISITA Á COVA DE TITO BUSTILLO EN RIBADESELLA
- ACTIVIDADE DE MULTI-AVENTURA

Foron catro días intensos que de seguro nunca esquecerán!!

**PICA NUNHA IMAXE PARA VER O VÍDEO DA VIAXE**





GRADUACIÓN

# EDUCACIÓN INFANTIL

O noso alumnado de sexto de educación infantil remata esta etapa para comezar con ilusión primaria. Desexámoslle moi boa sorte!



# Promoción 2015- 2024

Despois de tantos momentos compartidos, de xogos, aprendizaxes, risas e dalgunha que outra bágoa, é o momento de dicir "Ata logo". O alumnado de 6º remata unha andaina e comeza un novo camiño cheo de aventuras.


O futuro agárdavos cos brazos abertos. Seguidе adelante con esforzo, ilusión e ganas de aprender.

Desexámosvos moita sorte no voso novo camiño e que a vida vos sorría sempre.

O voso cole, as vosas mestras e mestres e os compañeiros/as, estarán aquí, agardando a vosa volta cun sorriso!!

<https://youtu.be/pM-vyFpFTwE>





**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**



**BIBLIOTECA  
CREATIVA**



**RADIO  
NA BIBLIO**



**Coordinación Biblioteca no centro: Mavi Herrera Taboada  
Coordinación EDLG no centro: María Campos Miguez**